



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*V Certame de Relatos Breves pola Igualdade de Xénero*

#### ANUNCIO

#### V CERTAME DE RELATOS BREVES POLA IGUALDADE DE XÉNERO

##### OBXECTO DO CERTAME:

O Concello de Pontedeume, a través da súa Concellería de Benestar Social, convoca o V Certame de relatos breves pola Igualdade de Xénero. Esta convocatoria enmárcase dentro das accións a desenvolver no II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Pontedeume Xorde có obxectivo de utilizar a creación literaria como unha das posibles vías para poñer de manifesto e visibilizar o papel das mulleres nos distintos ámbitos da vida: política, económica, cultural..., tanto na esfera pública como na privada.

Ainda que son moitos e profundos os avances que se teñen producido neste ámbito, esa igualdade entre mulleres e homes na vida diaria segue a verse obstaculizada polo feito de que as mulleres e os homes non gozen dos mesmos dereitos na practica. O papel que lles corresponde aos homes no proceso de integración da igualdade en todos os aspectos da vida é fundamental e pasa necesariamente pola superación dos estereotipos femininos e masculinos así como a modificación dos comportamentos, as actitudes, as normas e valores có fin de que se teñan en conta a evolución do papel das mulleres e dos homes na sociedade.

Rexerase conforme as seguintes **BASES**:

##### PRIMEIRA. Participantes:

- Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas interesadas maiores de dezaseis anos, mediante a presentación dun ou varios traballos de creación literaria e carácter inédito.
- A lingua utilizada poderá ser tanto o galego como o castelán.

##### SEGUNDA. Presentación das obras:

- Os relatos terán esencia literaria.
- As obras presentadas para a presente edición deberán tratar o tema: a coeducación: o espazo para educar en igualdade.
- Cada autora ou autor deberá presentar as obras cunha extensión máxima de seis páxinas en soporte papel DIN A4, mecanografados a ordenador utilizando o procesador de textos Microsoft Word ( interlineado 1,5).
- As obras presentaranse no rexistro xeral do Excmo. Concello de Pontedeume, sito na rúa Real nº 13 , 15600 Pontedeume (A Coruña). Ou por calquera outra das vías previstas na Lei 30/1992 de réximen xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.
- Cada un dos traballos presentarase por duplicado nun sobre grande pechado. Neste sobre farase constar "PARA O V CERTAME DE RELATOS BREVES POLA IGUALDADE DE XÉNERO", non poderá figurar o nome nin outra referencia á autora ou autor do mesmo. Dentro deste sobre grande incluírase outro sobre pequeno, tamén pechado, que levará escrito por fóra o título do relato ou o lema da autora ou autor. Dentro deste sobre pequeno figurarán os datos persoais e de contacto da ou do participante: nome e apelidos, enderezo, teléfono, fotocopia do DNI e declaración xurada de que a obra é persoal, orixinal e inédita.
- O prazo de presentación dos relatos para a presente convocatoria rematará o vindeiro luns 15 de outubro do ano 2012 ás 14:00 h.

**TERCEIRA. XURADO**

O xurado que emitirá o fallo sobre os relatos presentados a concurso estará presidido polo alcalde do Concello de Pontedeume ou persoa en quen delegue e estará composto polos seguintes membros:

- A concelleira de Benestar Social.
- Unha/ Un representante do persoal técnico do Departamento de Benestar Social do Concello de Pontedeume.
- Unha/un representante do mundo literario.
- Unha/un experto en materia de Igualdade de Oportunidades

A decisión do fallo será adoptada por maioría simple, de ser preciso o voto de calidade recaerá na persoa que exerza a presidencia do xurado.

**CUARTA. PREMIOS E PUBLICACIÓN**

- Establécese un único premio dotado de 495,00 €. Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.PF
- O Concello de Pontedeume aboará dito importe, previa presentación por parte do gañador, do certificado acreditativo de dita condición, do que se lle fará entrega no día do fallo do concurso. O premio pode ser declarado deserto.
- O relato premiado poderá ser publicado polo que o Concello de Pontedeume se reserva a propiedade intelectual e industrial do mesmo. Igualmente, o Concello de Pontedeume resérvase o dereito de difundir o fallo do xurado a través de calquera medio de comunicación.
- As obras presentadas a concurso e non premiadas poderán retirarse do Concello no prazo dun mes dende a entrega do premio.
- A entrega do premio farase mediante acto público o vindeiro domingo 25 de novembro do 2012 ás 12:30 h. no salón de actos da Casa da Cultura no que a autora/autor ou persoa na que delegue darán lectura pública ao mesmo.

Pontedeume, 30 de marzo de 2012

O alcalde-presidente

Gabriel Torrente Piñeiro

2012/4196